

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: Parque microinformático...

Asunto: acta apertura OFERTA ECONOMICA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO DO
PARQUE MICROINFORMÁTICO**

Sendo as 12:30 horas do día 4 de maio de 2011, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais don José Rábade Arias, Concelliro da área de réxime interior e protección da comunidade, don Xosé Anxo Laxe polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Alicia Rosa Peña Múrias polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sra Presidenta e faise constar por parte do Sr Secretario que a licitadora GALICIA HOSPITAL SERVICES, S.L.U. non presentou a documentación que lle foi requerida (documentación acreditativa da solvencia técnica) segundo o acordado polos integrantes da mesa na convocatoria do 14 de abril de 2011, a vista do cal os membros da mesa acordan a súa exclusión da licitación de referencia procedendose a continuación á apertura do sobre B (oferta económica) da única licitadora admitida á licitación co seguinte resultado:

- COREMAIN, S.L:

* Proposta económica: un prezo anual de 50.800 €, sin IVE, mais IVE (18%) 9.144 €, do que resulta un prezo total anual de 59.944 €.

* Aporta Dossier

A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar á mercantil COREMAIN, S.L por ser a única empresa admitida á licitación e cumprir todos os criterios de negociación aprobados no prego de cláusula administrativas particulares, nas condicións incluídas na súa proposición para a realización do

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: Parque microinformático...

Asunto: acta apertura OFERTA ECONOMICA

contrato de referencia e que se lle requira a documentación necesaria para a súa adxudicación.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA ,

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz